



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS DE SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S.A., PARA O FOMENTO DOS SEGUROS AGRARIOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Gandararía, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, **DECLARA:**

Que esta Consellería do Medio Rural formalizou con AGROSEGURO, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

1. Regular a liquidación e pagamento a AGROSEGURO de parte das primas a satisfacer polos tomadores dos Seguros Agrarios Combinados que corresponde achegar á Consellería do Medio Rural, naqueles Plans e Liñas que se consideren subvencionables, de acordo co disposto no Decreto 332/1995 do 27 de decembro (DOG nº 2, do 3 de xaneiro de 1996).

A subvención ás primas que por este concepto aboará a Consellería do Medio Rural será a establecida na orde pola que se aproben as bases reguladoras das axudas á subscrición de pólizas de seguros agrarios ditadas pola Consellería do Medio Rural, logo de coñecemento de AGROSEGURO co fin de comprobar que o sistema de aplicación de subvencións é compatible cos que están establecidos, ou sexan susceptibles de implantar, e permitan a súa inclusión no ámbito do presente Convenio.

2. Regular a información e documentación a achegar por AGROSEGURO necesaria para que a Consellería do Medio Rural desenvolva axeitadamente a súa función de control e coordinación administrativa.

3. Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e AGROSEGURO para o intercambio da información sobre as producións agropecuarias, e danos ocasionados nas mesmas, que sexan susceptibles de aseguramento no ámbito territorial de Galicia.

4. Promover a subscrición dos Seguros Agrarios Combinados entre os agricultores e gandeiros de Galicia como vía para compensar as súas rendas fronte aos fenómenos meteorolóxicamente adversos e outros riscos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Os seguros agrarios constitúen un importante instrumento para a regulación e





profesionalización do sector agrario, ao permitir que os gandeiros e agricultores que os subscriben poidan facer fronte a perdas económicas xurdidas como consecuencia de enfermidades no gando, meteoroloxía adversa ou outro tipo de sinistro.

O convenio subscríbese con AGROSEGURO por ser a entidade que agrupa a todas as aseguradoras con capacidade para subscribir pólizas de seguros, dos incluídos nos Plans Nacionais de Seguros Agrarios Combinados.

É de interese mutuo colaborar e xuntar esforzos en todas aquelas actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e perfeccionamento dos Seguros Agrarios Combinados en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 7 de febreiro de 2019.

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
Silvestre José Balseiros Guinarte

